

ELES DESFALCAN TI PAGAS. A VECIÑANZA PAGA CARO AS TRACALLADAS DE MANUEL VARELA.



- **Maio 2015: Manuel Varela** (Inta) **contrata verbalmente, sen existencia de crédito en licitación** e, portanto, incumprindo a lexislación (LCSP entre outras) **obras en período eleitoral por valor de 631.486,97€** para o que houbo que aprobar un suplemento de crédito de 510.646,57€ o 18 de xaneiro de 2016. Nen sequera existía remanente de tesouraría ao ter sen aprobar a conta xeral do exercicio e **co concello dentro dun Plan de axuste draconiano**, do que só se saíu mediante o famoso *catastrazo* (a recadación do IBI incrementouse en máis de 600.000€ ao ano máis atrasos).
- **25/01/2016. Interpuxemos recurso** e, previamente, impulsamos unha petición de informe da secretaría, contando para tal fin co apoio dos grupos municipais socialista e popular (toda a oposición na altura).
- **02/02/2016 a secretaría municipal emite o informe** e di que a irregularidade ten dous aspectos: asumir obrigas sen créditos para o efecto e a execución dos traballos ou obras sen contratación formal.
- **07/03/2016 no Pleno ordinario** Inta retráctase perante as evidencias e recursos e **acórdase comezar de oficio a revisión do expediente**, mais sen depurar calquera responsabilidade. **Admiten remitir a documentación ao Consello Consultivo, mais non ao Consello de contas tal e como demandabamos desde Por Chantada**, argüindo a "tradición" do Concello de Chantada e a actuacións da etapa do bipartito. Revisadas as correspondentes actas plenarias daquela altura o único que ficou claro é que **Manuel Varela recorreu a procedementos semellantes de "facturas nos caixóns" na súa primeira etapa no PP**, que por falta de tempo e sobrecarga de traballo non puidemos cuantificar nen fiscalizar con maior detalle, mais que ascendían a centos de milleiros de euros. Nesa mesma sesión levamos unha moción para adoptar protocolos de transparencia que Manuel Varela e Inta rexeitaron.
- **15/03/2016.** Inta, en XGL onde só está o Goberno, **decidiu incoar formalmente o expediente de revisión de oficio** segundo o acordado do pleno do 7 de marzo.
- **05/08/2016.** Durante meses o Concello non fixo nada, polo que pasaron meses sen solucionar a indemnización ás empresas. Por Chantada preguntou nos Plenos e rexistrou escritos sobre o tema sen suceso. **Na data indicada, o Consello Consultivo de Galiza informa desfavorabelmente a proposta de resolución por caducar o expediente.** A solicitude de ditame ao Consello Consultivo foi remitida novamente o 06/09/2016, ou sexa,

cáseque un mes despois mostrando así novamente que non era un asunto prioritario para o concello.

- **05/10/2016. O Consello decide retrotraer o expediente, xa que o Concello non incluíra proposta de resolución algunha no informe.** Novamente, incompetencia manifesta e dilación no tempo da resolución do problema sen necesidade, sabendo que ía xerar indemnización e xuros de demora, por unha banda, e cando o noso grupo tiña advertido que o Consello non solventaría nada *a posteriori*, como o seu propio nome indica, debendo ter contado co parecer do Consello de Contas (aspecto do que non se quixo saber nada para eludir calquera responsabilidade).
- **9/11/2016. O Concello emite informe e deulle a razón a Por Chantada,** pois devolveu o asunto ao punto de partida. Por outras palabras, **dilatouse innecesariamente durante un ano un proceso por non xunguir o expediente de revisión de oficio á depuración de responsabilidades.**
- **14/11/2016.** No Pleno de novembro o alcalde insistiu en que o informe do Consello era “favorábel” sen maiores explicacións. O Consello sinalaba que procedía a indemnización ás empresas nun trámite posterior e descontando das facturas o beneficio industrial e os gastos xerais.
- **29/11/2016. A XGL acorda a revisión de oficio,** é dicir, literalmente, o propio Goberno acorda a declaración de nulidade «de pleno dereito dos actos administrativos relativos á execución de obras en camiños por un importe total de 630.486,98€ pola carencia de dotación de crédito orzamentario dispoñíbel suficiente para unhas obras consideradas como menores» e que «polo Arquitecto se emita informe e valoración das obras a efectos da liquidación e indemnización que proceda».
- **01/12/2016.** O arquitecto municipal emite **informe de valoración das obras partindo da facturación directa remitida polas empresas,** ou sexa, sen atender ao ditaminado polo Consello Consultivo (desconto do beneficio industrial etc.). É máis, **o realmente escandaloso é que segundo o técnico facturouse sen beneficio industrial, caso único na historia, e taxou o conxunto en 40.000€ máis do que no seu día pedían as propias empresas nas facturas.**
- **02/12/2016. Alcalde e arquitecto asinan a acta de recepción,** un folio escrito por unha única cara, dise que «os asinantes, reunidos nas dependencias do Concello e unha vez recoñecidas e verificadas as obras executadas que figuran comprendidas no encabezado, formalizan esta acta co carácter de FAVORABLE: as obras atópanse en bo estado e foron executadas segundo a valoración de obra correspondente (...). O prazo de garantía queda establecido nun ano». Ao respecto **Por Chantada expresou dúas dúbidas: como se pode pedir garantía dun ano cando non existe contrato e son actos nulos de pleno dereito e a segunda como se pode afirmar o bo estado dunhas obras que non se visitaron dadas as presas e que nalgúns casos se encontran nun estado de deterioro xa evidente.** Será a chave interpretativa do asunto que o ano xa pasara desde a súa realización?
- **05/12/2016. Pleno extraordinario urxente,** convocado con menos de 48 horas, sen xustificar a urxencia e sen suficiente documentación, para **indemnizar as empresas sen depurar responsabilidades nen solventar as irregularidades** de base. Por Chantada rexistrou “Reclamación previa a denuncia administrativa dos acordos do pleno do 5 de

decembro de 2016” que nunca se contestou, mais os acordos plenarios ficaron en auga de castañas o que veu a darnos nos feitos, máis unha vez, a razón.

- **18/12/2016. Rexistramos un documento de 20 páxinas describindo as irregularidades e o proceso** no trámite de exposición pública demandando responsabilidades e que a facenda local non asumira un euro que non lle correspondese.
- **19/12/2016. Informe de Intervención que solicita**, debido a que a valoración efectuada polo técnico municipal non coincide coas facturas, **valoración técnica externa** aos servizos de cooperación cos concellos da Deputación de Lugo. **Nunca se realizou** a nova valoración.
- **12/04/2018.** Oficio remitido á Deputación de Lugo (pasados dous anos!) solicitando aos servizos técnicos provinciais que efectúen valoración técnica do custo das obras.
- **19/09/2018. Acordo do pleno da Corporación de aprobación definitiva do Suplemento de crédito 02/2018**, para facer efectiva a indemnización, contra o que elevamos recurso ao entender equivocada a contía e non asumir responsabilidades.
- **21/11/2018. Fiscalización de intervención 210/2018, a interventora** é a máxima especialista en materia económica, **valora a indemnización en 575.854,5€** (455.094,43€ e 120.760,07€) **se se desconta só beneficio industrial e en 437.868,59€** (83.922,77€ e 353.945,82€) **se se atende tamén aos gastos xerais**, como debería facerse segundo a xurisprudencia asentada por diferentes sentenzas.
- **27/12/2018. No Pleno o alcalde levanta os reparos de intervención** e, sen argumento de nengunha caste nen xustificación legal, di que deve prevalecer o parecer o arquitecto e **Inta acorda en solitario unha indemnización de 630.486,98€, é dicir, unha diferenza de 54.632,48€ ou até 192.618,39€.** O alcalde tentou que o asunto non pasara polo Pleno, mais impedírono informes de secretaría e intervención. **Por Chantada sempre defendeu que estas contías non as debía asumir o erario público e si quen tivese a responsabilidade das irregularidades.**
- Posteriormente, malia o afirmado polo alcalde en diversas ocasións de que existía acordo verbal, **unha das empresas acode á vía xudicial por xuros de demora, resultando a sentenza 254/2019 que condena ao Concello a abonar 120.140,43€**, en concepto de xuros de demora.
- **18/06/2020. O Pleno, en sesión extraordinaria acorda**, cos únicos votos favorábeis do PP, **o pago da setenza.**

Por Chantada entende que **a facenda local está pagando 312.758,82€ que debía asumir quen tivese a responsabilidade destas irregularidades e non o conxunto da viciñanza** (192.618,39 + 120.140,43). Durante todo este tempo a empresa que agora vai ser indemnizada por sentenza seguiu contratando coa administración local. **Toda a oposición condenou estas prácticas e as irregularidades manifestas, incluíndo o PP, onde milita actualmente o senador Manuel Lorenzo Varela.** O piloto automático e a desidia deste alcalde, a incompetencia e o desleixo, saen caros e do peto de todos os cidadáns. **A facenda local non debería asumir un euro que non lle corresponda! Eles desfalcan, ti pagas.**

#elesdesfalcantipagas #opartidodaxente #construírfuturo #mellorarChantada